



Alcalde Concello de Pontevedra  
Rúa Michelena, N°30.  
36071 Pontevedra (Pontevedra)

**ASUNTO: Remisión de informe de cambio de titularidade**

Ref.:Dag/rmr

A Xunta do Goberno Local do Concello de Pontevedra o 26/12/2017 solicita o cambio de titularidade do treito da estrada PO-546 entre os PPQQ 0+000 e 0+550.

Á Área de Planificación e Proxectos da Axencia Galega de Infraestructuras, logo de solicitar os informes correspondentes conclúe que:

1. A estrada PO-546 que percorre o Concello de Pontevedra entre os seus PQ 0+000 e o PQ 5+060 é susceptible de ser transferida ao concello na súa totalidade.
2. de transferirse soamente o treito solicitado polo concello en data 26/12/2017, debe ampliarse este treito ata o paso superior do FFCC Pontevedra-Porto de Marín situado no **PQ 0+590**, xa que constitúe un punto de fácil identificación en campo.

Co fin de continuar coa tramitación do cambio de titularidade, solicítolle nos comunique o seu **criterio de aceptación con respecto ao punto 2.**

En relación ao punto 1 solicitamos a súa conformidade/desconformidade para iniciar a **transferencia dende o PQ 0+590 ata o PQ 5+060**. Na marxe dereita da estrada PO-546 o solo está clasificado como solo urbano polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Pontevedra e na marxe esquerda, o 70% do solo tamén é urbano. Así mesmo a estrada autonómica VG-4.4 permite manter a continuidade da rede autonómica. Cúmprese os





requisitos establecido na Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia,  
para iniciar a transferencia da titularidade a prol do concello.

O enderezo ao que deben remitir dita aceptación é o seguinte:

*Servizo de Apoio Administrativo  
Axencia Galega de Infraestructuras (CMATI)  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15707- Santiago de Compostela (A Coruña)*

Santiago de Compostela,

ASINADO DIXITALMENTE: O director da Axencia Galega de Infraestructuras





## INFORME

**Asunto:** Cambio de titularidade de treitos de estradas

**Administración cedente:** Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

**Administración cesionaria:** Concello de Pontevedra

**Estrada afectada:** PO-546 (Pontevedra (Av Fdez Ladreda) – Marín (PO-551))

## ANTECEDENTES

O 26.12.2017 a Xunta do Goberno Local do Concello de Pontevedra adoptou o acordo de solicitar á Xunta de Galicia a transferencia da titularidade do treito urbano da estrada PO-546 (Pontevedra-Marín) abranguido entre os PPQQ 0+000 e 0+550.

O 29.01.2018 o servizo de Apoio Administrativo solicita á Área de Planificación e Proxectos informe sobre a viabilidade do cambio de titularidade do treito da estrada PO-546 do PQ 0+000 ao 0+550. Achega certificación do antedito acordo adoptado pola Xunta do Goberno Local do Concello de Pontevedra.

A Área de Planificación e Proxectos solicita o 01.02.2018 informe á Delegación da Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra sobre o cambio de titularidade do treito da estrada PO-546 situado entre o PPQQ 0+000 e 0+550, así como a remisión dos planos de identificación da zona de dominio público deste treito da estrada PO-546. Na mesma data, solicita tamén informe ao servizo de Explotación.

O 28.02.2018 a Área de Planificación e Proxectos informou favorablemente o cambio de titularidade, a prol do concello de Marín, do treito da estrada PO-546 situado entre o PQ 5+060 (límite municipal entre o Concello de Marín e o Concello de Pontevedra) e o PQ 7+040 (comezo da estrada PO-551 no pavillón da Escola Naval de Marín).

O 05.03.2018 a Delegación da Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra emite informe no que indica o seguinte:

1. Que o treito se corresponde coa antiga C-550 Finisterre - Tui, treito Pontevedra-Cangas.
2. Que se conserva documentación relativa ao expediente de expropiación forzosa por causa de utilidade pública dos terreos que ocupan as obras de ensanche, despexe e visibilidade da estrada Pontevedra a Cangas, quilómetros de 0+300 a 8+000, de data febreiro de 1960.
3. Que o treito é urbano con aliñacións consolidadas e beirarrúas a ambas marxes do viario, entendéndose o dominio público da estrada ata o límite da plataforma ocupada.

Xunto co informe achega copia do plano parcelario correspondente ao treito do PQ 0+300 ao PQ 0+550.

O servizo de Explotación emite informe o 22.03.2018 onde conclúe que a totalidade do treito da PO-546 que percorre o Concello de Pontevedra (PQ 0+000 ao PQ 5+060) é susceptible de ser transferido a este concello. Tamén indica que de transferirse soamente o treito inicial, debe ampliarse o treito a transferir polo menos ata o paso superior do FFCC Pontevedra-Porto de Marín situado no PQ 0+590 da PO-546.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

O Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, do 26 de maio.





## INFORME

O artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG) indica que *“os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos delas que estean incluídas no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de estradas e logo de acordo entre as administracións afectadas”*.

Dado que, a día de hoxe, non se atopa aprobado o inventario de travesías das estradas autonómicas, o antedito artigo élle de aplicación a todas as estradas que compoñen a Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

O Concello de Pontevedra solicita a transferencia de titularidade do treito da estrada PO-546 comprendido entre os PPQQ 0+000 e 0+550.

O Concello de Pontevedra é atravesado polas estradas autonómicas PO-223, PO-224, PO-225, PO 233, PO-264, PO-310, PO-531, PO-532, PO-542, PO-546, VG-4.4 e VG-4.8. A estrada PO-546 percorre o Concello de Pontevedra entre os seus PPQQ 0+000 e 5+060 (límite co concello de Marín).

Tal e como se indicou nos antecedentes, o 28.02.2018 a Área de Planificación e Proxectos informou favorablemente o cambio de titularidade, a prol do concello de Marín, do treito da estrada PO-546 situado entre o PQ 5+060 (límite municipal entre o Concello de Marín e o Concello de Pontevedra) e o PQ 7+040 (comezo da estrada PO-551 no pavillón da Escola Naval de Marín).

En toda a marxe dereita do treito da estrada PO-546 do PQ 0+000 ao 5+060, o solo está clasificado como solo urbano polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Pontevedra. En canto á marxe esquerda, nun 70% da lonxitude deste treito o solo está tamén clasificado como urbano. Todos estes treitos son treitos urbanos a efectos da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia.

No treito inicial desta estrada PO-546, do PQ 0+000 ao PQ 0+590 (paso superior do FFCC), é o onde o tecido urbano está máis consolidado, a estrada está integrada no tecido urbano, os seus marxes están acoutados polas edificacións e existen múltiples accesos a rúas municipais.

Por outro lado, a estrada autonómica VG-4.4 (Lourizán (PO-12) – Ardán (PO-551)) constitúe unha alternativa viaria á estrada PO-546, que permite manter a continuidade da rede autonómica, no caso de transferirse, ao concello de Pontevedra, a titularidade de todo o treito da estrada PO-546 (PQ 0+000 a PQ 5+060) que discorre por este concello.

Por todo elo e á vista dos informes emitidos polo servizo de Explotación e pola Delegación da Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra, conclúese que o treito da estrada PO-546 comprendido entre os PPQQ 0+000 e 5+060 (límite municipal entre o Concello de Marín e o Concello de Pontevedra) reúne as condicións necesarias para que a súa titularidade lle sexa transferida ao concello polo que discorre, que neste caso é o Concello de Pontevedra.

O treito cuxa transferencia solicita o Concello de Pontevedra (PQ 0+000 ao PQ 0+550) está incluído dentro do treito (0+000 a 5+060) que este Área entende susceptible de transferencia. Porén, de optar pola transferencia deste treito, e segundo o recomendado no informe do servizo de Explotación, debe adoptarse como PQ final do treito o PQ 0+590 (paso superior do FFCC Pontevedra-Porto de Marín), por constituír un punto de fácil identificación en campo.



## CONCLUSIÓN

Trala análise de todo o anterior, e ao abeiro do artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, **infórmase favorablemente ao cambio de titularidade correspondente ao seguinte treito** da Rede Autonómica de Estradas de Galicia, **a prol do Concello de Pontevedra**:

- Treito da estrada PO-546 situado entre o PQ 0+000 e o PQ 0+590 (paso superior do FFCC Pontevedra-Porto de Marín).

Proponse que se continúe coa tramitación do expediente de cambio de titularidade.

Proponse que se inicien contactos e xestións para o cambio de titularidade do restante treito da estrada PO-546, do PQ 0+590 ao PQ 5+060 (límite municipal entre o Concello de Marín e o Concello de Pontevedra), que discorre polo concello de Pontevedra, e que este Área de Planificación e Proxectos considera susceptible de transferencia.

Inclúense como anexos, un esquema do treito afectado ao que se refire este informe e os escritos emitidos pola Delegación da Axencia Galega de Infraestructuras en Pontevedra e o Servizo de Explotación.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2018

A enxeñeira de camiños, canais e portos

Sonia Sánchez Carbajales

O xefe do servizo de Planificación

José Manuel Tobío Boquete

Visto e praxe,  
O xefe da Área de Planificación e Proxectos


Carlos Lefler Gullón

Conforme,  
O director da Axencia Galega de Infraestructuras

Francisco Menéndez Iglesias







**Treito que se transfire**

CONCELLO DE PONTEVEDRA

CONCELLO DE POIO

<b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA		<b>AXI</b> axencia galega de infraestruturas	<b>ÁREA DE PLANIFICACIÓN          E PROGRAMACIÓN</b>	<b>ESCALA:</b> A-4: S/E	<b>ESTRADA:</b> PO-546 PONTEVEDRA (AVDA. FÓEZ LADREDA)- MARÍN (PO-551)	<b>CONCELLO:</b> PONTEVEDRA	<b>Nº PLANO:</b> 1	<b>TÍTULO:</b> CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA PO-546	<b>DATA:</b> ABRIL 2018
				<b>FOLLA:</b> 1 DE 1					